

Información sobre a detección e xestión de conflictos de intereses na prestación de servizos de criptoactivos

Marzo 2025

Que finalidade ten este documento?

O Regulamento (UE) 2023/1114, relativo aos mercados de criptoactivos ("MiCA" polas súas siglas en inglés), e a normativa que o desenvolve esixen aos prestadores de servizos de criptoactivos, como é o BBVA, que identifiquen, preveñan e xestionen os conflitos de intereses nesa actividade e que informen os clientes e potenciais clientes das medidas adoptadas. Este documento ten como finalidade cumprir con esta obriga.

Que servizos de criptoactivos presta o BBVA?

Na actualidade, o BBVA presta os seguintes servizos de criptoactivos exclusivamente para clientes que xa dispoñan dunha conta aberta no banco: custodia e administración, execución de ordes e transferencias saíntes nos supostos legalmente requiridos. O BBVA non ofrece ningún tipo de asesoramento nin de recomendación sobre ningún criptoactivo. Os servizos indicados só se prestan por iniciativa dos clientes.

Que son os conflitos de intereses e como se detectan e se xestionan?

Un conflito de intereses é a situación que se produce cando un empregado, directivo, axente ou calquera persoa vinculada directa ou indirectamente ao BBVA por unha relación de control ten intereses persoais ou profesionais que poderían influír no desempeño dos seus deberes e afectar negativamente aos nosos clientes, á sociedade en xeral, ao BBVA e/ou aos seus accionistas.

Para previr e xestionar estes conflitos, o BBVA conta cun marco de control baseado en políticas, normas e procedementos internos deseñados para asegurar que actuamos con integridade e en beneficio dos nosos clientes. En concreto, dispón das seguintes medidas xerais:

- **Análise previa:** antes de lanzar ou comercializar un novo produto ou servizo, analízanse os posibles conflitos e como mitígalos.
- **Separación de funcións e áreas:** para evitar a participación de persoas en actividades que poidan supor un conflito, separamos funcións e/ou equipos e establecemos barreiras de información entre as diferentes áreas da organización.
- **Mecanismos de aprobación ou toma de decisións,** como comités ou foros, en actividades ou procesos onde sexa máis probable que se poidan dar conflitos de intereses.
- **Esquemas de remuneración** axeitados para o persoal que presta servizos a clientes ou que exerce funcións de control.
- **Pautas xerais de actuación** para empregados e directivos para que se comporten íntegra e diligentemente, asegurando a igualdade de trato entre clientes, provedores, accionistas etc. Estas pautas acompañanse de programas de formación e comunicación continua.
- **Rexistro e seguimento de conflitos de intereses:** o BBVA dispón de ferramentas para rexistrar e xestionar os conflitos identificados, así como asegurar que sexan comunicados aos órganos de dirección cando sexa preciso.

Detectáronse situacións de conflitos de intereses no ámbito da prestación de servizos de criptoactivos?

No relativo á prestación de servizos de criptoactivos, non detectamos situacións de conflitos de intereses polos seguintes motivos:

- O BBVA presta os servizos de criptoactivos indicados só por iniciativa dos clientes, polo tanto, non hai posibilidade de que o seu persoal poida influír nos clientes para contratar os servizos.
- O BBVA non ofrece ningún tipo de asesoramento nin de recomendación sobre ningún criptoactivo e, por tanto, tampouco hai posibilidade de que o seu persoal poida persuadir os clientes para contrataren servizos de criptoactivos.
- O BBVA límitase a transmitir de forma secuencial e automatizada as ordes de compra e venda de criptoactivos dos clientes, sen posibilidade de favorecer uns sobre outros e sen acumulalas con operacións por conta propia nin con operacións doutros clientes.

- Ademais, o BBVA dispón de procedementos adecuados para a aprobación e declaración de transaccións persoais con criptoactivos para determinadas persoas que puidesen ter información sobre as ordes que cursan os clientes, para controlar que non utilicen esa información no seu propio beneficio.
- O BBVA custodia os criptoactivos dos clientes de forma segregada e independente respecto das posicións propias, co que se evita calquera posible conflito de intereses.
- O BBVA fixo unha selección de provedores que interveñen na prestación dos servizos de criptoactivos baseada en principios de transparencia, obxectividade e concorrència, o que asegura a ausencia de situacións de conflito de intereses. Ademais, todos os provedores subscribiron o Código ético de provedores do Grupo BBVA, que tamén detalla e contén obrigas para ese fin.
- Adicionalmente, o BBVA dispón dun proceso de “listaxe” e “desalistaxe” de criptoactivos, para incluílos na súa oferta, onde se analizan distintos factores, entre os que se inclúen os conflitos de intereses reais ou potenciais. No se detectaron conflitos de intereses en relación cos criptoactivos que se inclúen na oferta.

En todo caso, se durante a prestación dos servizos de criptoactivos se dese algunha situación en que as medidas adoptadas non fosen suficientes para eliminar e/ou mitigar os posibles prexuízos derivados dun potencial conflito de intereses, os clientes serán informados de todo con carácter previo á toma da decisión que corresponda, para permitirilles tomar a mellor decisión para os seus intereses.